



Estimados compañeiros e compañeiras:

Acompañando ao presente escrito publícase na nosa “web” infomación que consideramos pode ser do voso interese.

SAN ISIDRO

Entendemos que xa o dabades por descontado, pero como semella obvio, este ano, polas razóns de todos coñecidas, non celebraremos o San Isidro como tiñamos acostumado nos últimos anos.

Tiñamos a reserva feita, pero obviamente non vai ser posible mantela..., polo menos para o 15 de maio.

Segundo se vaian desenvolvendo os acontecementos, igual o retomamos máis adiante, e senón, malo será que non o podamos celebrar no 2021.

ASEMBLEAS XERAÍS DO 1º e 2º SEMESTRE

Ao longo do mes de xuño haberíamos de ter a Asemblea Xeral do 1º semestre de 2020, tal e como dispoñen os nosos estatutos, pero agora mesmo non temos claro como o poderemos facer chegado o caso... Presencialmente non semella que vaia ser posible, polo que teremos que buscar o xeito de celebrala telemáticamente.

Lembrámosvos, ademáis, que este ano, si o tema non empeora aínda máis, na Asemblea do 2º trimestre, teremos que celebrar eleccións a Presidente e Xunta de Goberno.

Manterémosvos infomados de todo.

FUNCIONAMENTO DO COLEXIO

Non ten sido sen esforzo, pero, nestes tempos de “estado de alarma” temos conseguido pegarlle un empurrón ao Colexio en algunhas cuestións que levaban tempo pendentes de avanzar, e/ou retomar, e estamos a traballar cunha certa solvencia en modalidade de “teletraballo” (“lista de avisos”, “web”, etc).

Mentres esta situación se manteña, incluso aínda cando a mobilidade se vaia liberalizando, preferentemente, seguiremos atendéndoos de xeito telemático, e as nosas sedes permanecerán pechadas ata novo aviso, para a atención presencial, salvo urxente necesidade, e respectando sempre as maximas medidas hixiénicas e de seguridade, tanto o persoal do Colexio, como para vos.

Neste punto recomendámosvos a utilización dos medios telemáticos dos que dispoñemos, especialmente para o visado, e que ese uso se estenda máis aló do fin do “estado de alarma”.

No caso de ser imprescindible a atención presencial, esta será previa cita.

Procuraremos, antes do remate da nova prórroga do “estado de alarma” ter rematada a mudanza do Colexio á nova sede, e que nesta os traballadores xa podan dispor dos EPIs necesarios, que ata agora, cando se atopaban, acadaban prezos prohibitivos.



A declaración de estado de “alarma” sorprendéunos cando nos iamos trasladar, e o faremos efectivo en canto a situación nos permita facelo con totais garantías para todos.

EPIs

Ao **dos EPIs**, no *DOG*, do 17 de abril, publicóuse unha Resolución da Vicepresidencia da Xunta, que no primeiro dos seus puntos aborda a “**Posta á disposición daquelas asociacións e clústeres que así o requiran da posibilidade de adherirse ao sistema de compras organizado pola Administración autonómica, coa finalidade de garantirles a subministración de máscaras**”.

Semella unha iniciativa interesante, pero ten o inconveniente de que en principio se descoñece o prezo de adquisición, e tampouco se establecen prazos de entrega.

O Colexio aínda non ten adoptado decisión ningunha sobre si adherirse ou non, para o Colexio en sí, pero si algún de vos estades interesados e nos manifestades o voso interese mediante correo-e dirixido a “administracion.coruna@coitagalicia.org”, indicando a cantidade que vos podería interesar, **a más tardar o xoves 30 de abril**, faremos o necesario para levar a cabo a adhesión.

BANCO SABADELL

O Colexio, e vos, colexiados e colexiadas, ao través de Unión Profesional de Galicia, temos acceso ao desfrutar do Convenio que Unión Profesional de Galicia e o Banco Sabadell, teñen asinado, e do que vos fago un breve extracto...

“Algunas empresas y empresarios autónomos y profesionales van a pasar dificultades debido a esta interrupción de la actividad que se ha decretado. A nosotros **nos corresponde acompañar** a los clientes, estudiar y **facilitar la aplicación de las ayudas públicas** que puedan y deban recibir. Además, **Banco Sabadell ha abierto una línea de liquidez de más de 15.000 millones de euros para apoyar** y acompañar a aquellos sectores que puedan verse afectados por esta compleja situación. Pretendemos evitar, con ello, que nuestros clientes, y **más si cabe aquéllos colectivos con los que mantenemos convenio** de colaboración lleguen a una posible situación de falta de liquidez que les afecte en su actividad.

En ese sentido, y en lo que respecta a vuestro colectivo, me pongo a disposición de vuestros colegiados para canalizar sus solicitudes a la oficina más adecuada a sus necesidades. Para ello, creo que lo más práctico sería proceder de la siguiente manera en caso de que algún asociado necesite liquidez:

- Si el colegiado es ya cliente de B. Sabadell, lo apropiado es que se dirija a la oficina del banco con la que trabaja.

- Para el caso de colegiados que todavía no sean clientes de B. Sabadell, os propongo que el colegiado en cuestión me envíe un mail (rodriguezmoreiras@sabadellgallego.com) con:

- Nombre (empresa, autónomo o trab. por cta ajena)
- Dirección (para poder asignar la oficina más adecuada)
- Persona y tlf de contacto

Y un director especializado en su segmento (empresas, negocios, particulares...) que tenga más cercano se pondrá en contacto con él para tratar su caso. Si pueden añadir de manera muy esquemática la necesidad financiera que desean cubrir, mejor podremos orientarle.



**COLEXIO OFICIAL DE
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS**

A CORUÑA - PONTEVEDRA

Av. Barrié de la Maza, 17-1º C
15003 – A CORUÑA
Telf. 981 22 60 27
Fax. 981 22 41 38
e-mail:colegio@coitagalicia.org
www.coitagalicia.org

<https://newsletters.bancsabadell.com/informacion-linea-ico-covid-19?elqTrackId=cade9ef8e065468b84c279d4a8c1330a&elq=00000000000000000000000000000000&elqaid=481&elqat=2&elqCampaignId>

Un saúdo... Saúde e sorte.

A XIUNTA DE GOBERNO

